

## LISTA DE ASISTENTES

Manuel García Sánchez (Coordinador)

Cristina López Bravo (Secretaría)

Rebeca P. Díaz Redondo

José Ramón Fernández Bernárdez

Alberto Gil Solla

Martín Llamas Nistal

M<sup>a</sup> Soledad Torres Guijarro

Mónica Fernández Barciela

Roberto López Valcarce

Acta da sesión ordinaria da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, **de oito de xullo de dous mil dezanove**, reunida ás 10:30h, na Sala A010 (acristalada) da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

O luns, día 8 de xullo de 2019, ás 10:30h, da comezo a sesión ordinaria de Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida polo catedrático D. Manuel García Sánchez, e actuando como secretaria a profesora Dna. Cristina López Bravo.

A orde do día contén os seguintes puntos:

1. Informe do coordinador.
2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.
3. Aprobación, se procede, da avaliación anual correspondente ao curso 2018/19 (segunda oportunidade).
4. Valoración priorizada das bolsas de mobilidade para 2019 e aprobación, se procede, da proposta de asignación.
5. Aprobación, se procede, do informe “Análise das enquisas de satisfacción do estudantado”.
6. Aprobación, se procede, do Auto-Informe de Acreditación.
7. Aprobación, se procede, do Plan de Accións de Mellora.
8. Aprobación, se procede, da admisión a trámite da Tese de Alberto Pedrouzo Ulloa; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.
9. Aprobación, se procede, da admisión a trámite da Tese de Saber Mhiri; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.
10. Asuntos de trámite.
11. Rogos e preguntas.

#### **Punto 1.- Informe do coordinador.**

O coordinador informa sobre o estado do proceso de acreditación, indica que os indicadores e evidencias foron subidos a plataforma avalía e que o auto-informe xunto co plan de melloras tiña que ser aprobado hoxe, nesta comisión. Dado que faltan algún dos datos, é posible ter que facer modificacións para incorporalos (estancias, contribucións científicas).

O coordinador comenta a necesidade de volver a probar o informe de análise das enquisas de satisfacción, dado que se recibiron os datos do curso 2017/18, despois da última sesión da CAPD.

Por último, a raíz dunha consulta dun alumno do programa de doutoramento sobre os criterios aplicados para determinar cando un congreso pode ser considerado como internacional, o coordinador expón a posibilidade de empregar os mesmos criterios que a Universidade de Vigo emprega na avaliación da produción científica, co que os membros da comisión están de acordo.

#### **Punto 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores.**

Unha vez corrixida unha errata na táboa do perfil de egreso, apróbanse por asentimento, a acta da sesión do 19 de xuño de 2019.

#### **Punto 3.- Aprobación, se procede, da avaliación anual correspondente ao curso 2018/19 (segunda oportunidade).**

Apróbanse os Plans de Investigación do alumnado relacionado a continuación:

- Adel Amr
- Alaa El-Deeen Ahmed Rana
- Juan Eloy Espozo

Apróbase a actividade formativa “Defensa do Plan de Investigación” do curso 2018-19, e a correspondente avaliación anual favorable do alumnado relacionado a continuación:

- Adel Amr
- Alaa El-Deeen Ahmed Rana
- Juan Eloy Espozo

Non se aproba nin o Plan de Investigación nin a actividade formativa “Defensa do Plan de Investigación” do curso 2018-19 do alumno José Paulo Fernandes de Macedo, quen decidiu adiar a presentación ó seguinte prazo de seis meses, de acordo co seu titor.

#### **Punto 4.- Valoración priorizada das bolsas de mobilidade para 2019 e aprobación, se procede, da proposta de asignación.**

Apróbanse, por asentimento, a proposta de asignación de bolsas de mobilidade para 2019 recollido no Anexo I.

#### **Punto 5.- Aprobación, se procede, do informe “Análise das enquisas de satisfacción do estudantado”.**

Apróbanse, por asentimento, o informe “Análise das enquisas de satisfacción do estudantado” recollido no Anexo II.

#### **Punto 6.- Aprobación, se procede, do Auto-Informe de Acreditación.**

Apróbanse, por asentimento, o auto-informe de acreditación recollido no Anexo III. Apróbase a delegación na coordinación do programa da incorporación ó informe dos datos pendentes.

**Punto 7.- Aprobación, se procede, do Plan de Accións de Mellora.**

Apróbanse, por asentimento, o Plan de Accións de Mellora recollido no Anexo IV. Apróbase delegar na coordinación do PD a incorporación ó Plan de Accións de Mellora dos datos pendentes.

**Punto 8.- Aprobación, se procede, da admisión a trámite da Tese de Alberto Pedrouzo Ulloa; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.**

Apróbase a derradeira versión do Plan de Investigación do alumno Alberto Pedrouzo Ulloa.

Apróbase a avaliación anual do alumno correspondente ao curso 2018/19.

Compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento con “**Mención Internacional**”. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2014/15 ate o actual. Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade Obrigatoria	Evidencias do documento de actividades
1. Defensa do Plan de Investigación.	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2014/15, tal e como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.
2. Preparación dunha comunicación científica internacional.	Ten un artigo publicado unha revista científica internacional segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”
3. Envío de artigos a congresos científicos.	Ten feito catro comunicacións segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”
4. Estadía mínima de tres meses fora de España nunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio.	Ten realizado tres estadias, que superan os tres meses de estadía: -Do 1/10/17 ó 23/12/17 - Aarhus University -Do 8/1/18 ó 28/3/18 - Aarhus University -Do 21/9/18 ó 28/9/18 - École Polytechnique Fédérale de lausanne

Apróbase a admisión a trámite da Tese de Alberto Pedrouzo Ulloa, titulada “*Homomorphic lattice cryptosystems for secure signal processing.*” dirixida polos profesores Juan Ramón Troncoso Pastoriza e Fernando Pérez González.

Apróbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome <i>Apellidos y Nombre</i>	Universidade ou Institución <b>Universidad o Institución</b>	Proposta <i>Propuesta</i>
1	ALESSANDRO PIVA	UNIVERSITY OF FLORENCE	Presidente/a

2	PEDRO COMESAÑA ALFARO	UNIVERSIDADE DE VIGO	Secretario/a
3	MARIYA GEORGIEVA	Inpher, Inc.	Vocal
4	REBECA PILAR DÍAZ REDONDO	UNIVERSIDADE DE VIGO	Suplente
5	NICOLAS GAMA	Inpher, Inc. y Université de Versailles	Suplente
6	MAURO BARNI	UNIVERSITY OF SIENA	Suplente

**Punto 9.- Aprobación, se procede, da admisión a trámite da Tese de Saber Mhiri; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.**

Apróbese a derradeira versión do Plan de Investigación do alumno Saber Mhiri.

Compróbese o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2014/15 ate o actual (2018/19). Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade Obrigatoria	Evidencias do documento de actividades
1. Defensa do Plan de Investigación.	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2014/15, tal e como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.
2. Preparación dunha comunicación científica internacional.	Ten un artigo enviado a unha revista científica internacional segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”
3. Envío de artigos a congresos científicos.	Ten feito catro comunicacións segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”

Apróbese a admisión a trámite da Tese de Saber Mhiri, titulada “Optimization Access Point Assignment Algorithms in SDN-controlled Wireless Access Networks” dirixida polos profesores Francisco Javier González Castaño e Cristina López Bravo.

Apróbese a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome <i>Apellidos y Nombre</i>	Universidade ou Institución <b>Universidad o Institución</b>	Proposta <i>Propuesta</i>
1	Joan García Haro	Universidad Politécnica de Cartagena	Presidente/a
2	Beatriz Lorenzo Veiga	Universidade de Vigo	Secretario/a
3	Manuel Esteve Domingo	Universidad Politécnica de Valencia	Vocal

4	Carlos Enrique Palau Salvador	Universitat Politècnica de València	Suplente
5	Javier Vales Alonso	Universidad Politécnica de Cartagena	Suplente
6	Rebeca Pilar Díaz Redondo	Universidad de Vigo	Suplente

## Punto 10. Asuntos de trámite.

Aprobase a solicitude de cambio de dedicación a tempo parcial do alumno Ghofrane El Haj Ahmed, condicionado a que entregue a documentación que acredita a súa incorporación a un posto de traballo.

Apróbase a solicitude de baixa temporal por un curso académico (o próximo curso 2019/20) do alumno Bruno Miguel Fernandezda Silva, por motivos de carga de traballo.

## Punto 11. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

A Secretaria

O Presidente

Cristina López Bravo

Manuel García Sánchez

1º Apelido	2º Apelido	Nome	Tipo	Data inicio *	Data fin *	Días	Lugar desprazamento	Contía	Currículo (10)	Interese (40)	Calidade centro recepción(50)	TOTA L	Prioridade
Álvarez	López	Tamara	congreso IEEE/WIC/AC M	03/12/2018	06/12/2018	4,00	Santiago de Chile (CHILE)	1.400,00 €	10	0	50	60	2
Ferreira	Pires	Orlando	conferencia CSEDU 2019	02/05/2019	04/05/2019	3,00	Creta (GRECIA)	500,00 €	5	40	50	95	1

## Criterios de Valoración

- Méritos curriculares dos/as solicitantes: 10 puntos
  - a) 0 puntos se non ten congresos nin publicacións internacionais
  - b) 5 puntos se ten congresos internacionais
  - c) 10 puntos se ten congresos e publicacións internacionais ou ten dous títulos de máster
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo: 40 puntos
  - a) Congresos
    - o 0 puntos se xa cumpre o requisito de presentación dunha comunicación no período de doutoramento
    - o 30 puntos se non cumpre o requisito e ten informe favorable do titor
    - o 40 si ademais se espera o depósito da Tese este ano
  - b) Cursos
    - o 20 se é un curso de doutoramento
    - o 10 se non o é, pero conta co informe favorable do titor
  - c) Estadías
    - o 20 se é nunha Universidad ou centro de investigación
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso: 50 puntos
  - a) Os congresos deberán ser internacionais e estar recollidos no Scopus.
    - o 50 puntos se o congreso está en Scopus
  - b) No caso de estadías ou cursos de investigación
    - o Se a estadía é en Vigo e supón un cambio de residencia 50 puntos
    - o Se a estadía/curso é en una Universidad o Centro de Investigación estranxeiro e supón un cambio de residencia: 30 puntos
    - o Se a estadía/curso é noutro tipo de centro estranxeiro: 20 puntos.

ANEXO II

INFORME

ANÁLISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DO PROGRAMA DE  
DOUTORAMENTO EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS  
(DocTIC)

Vigo, 8 de xullo de 2019

Neste informe sobre a satisfacción dos e das estudantes do Programa de Doutoramento en Tecnoloxías de Información e as Comunicacions, analizarase o período comprendido entre o curso de implantación do programa (o curso 2013/14), e o último curso impartido (o curso 2017/18). Para este período dispoñemos das enquisas realizadas en nos curso 2015/16, 2016/17 e 2017/18. A análise non se fai desagregada por homes e mulleres debido ó número reducido de respostas.

### **Enquisa de satisfacción do alumnado de 1º**

Esta enquisa foi realizada entre o alumnado matriculado por 1ª vez no programa nos cursos 2015/16, 2016/17 e 2017/18. Na táboa 1 recóllense os resultados.

Na maior parte dos casos os alumnos e as alumnas séntense satisfeitos ou moi satisfeitos cos aspectos valorados, destacando a valoración sobre os e as axentes implicados (coordinadora do programa, titores e titoras, directores e directoras, persoal de administración), cunha media igual ou superior a 4 puntos, nos tres anos avaliados. Se ben no curso 2017/18 alcanza os 3 puntos, o aspecto coa valoración máis baixa é o coñecemento acerca do sistema de bolsas e contratos. Para cubrir esta demanda de información, nos próximos cursos propoñemos incidir neste aspecto -que xa se estaba tratando- na sesión de benvida os novos e novas estudantes; así mesmo propoñemos incorporar un apartado específico de bolsas na web do programa. En calquera caso, cabe mencionar, que a valoración sobre este aspecto mellora nas enquisas dos alumnos e alumnas de terceiro.

Se comparamos os resultados por curso académico, vemos que non existen grandes diferenzas nos bloques 2 (procedementos administrativos) e 3 (axentes implicados). No resto dos bloques a valoración cambia ano a ano de forma significativa (ata un punto de diferenza), o cambio é tanto positivo como negativo, polo que non é posible analizar a tendencia polo momento. Non obstante, cabe destacar que a valoración mellora no último curso do que temos enquisas dispoñibles (curso 2017/18), e que neste caso, todos os bloques superan en media o 3.

Chama a atención a diferenza na resposta a pregunta “Elixín este programa pola súa relación cos meus obxectivos profesionais” (pregunta 19), que no curso 2015/2016 é 5 (os/as alumnos/as responden maioritariamente que si), no curso 2016/17 é 1 (os/as alumnos/as responden maioritariamente que non), e no curso 2017/18 é 4.20. A situación é similar noutros programas de doutoramento na Universidade de Vigo. Será necesario analizar a evolución desta pregunta en próximos cursos.



Se comparamos os resultados obtidos coa a media dos programas da Universidade de Vigo, veremos que a valoración do programa DocTIC é superior a media da Universidade de Vigo, en todos bloques salvo no bloque de información xeral do programa, nos cursos 2015/16 e 2016/17. A este bloque pertence a pregunta sobre o coñecemento acerca do sistema de bolsas que tamén é baixo na media da Universidade de Vigo. No curso 2017/18, un aumento na valoración media da Universidade de Vigo, fai que o noso programa quede por debaixo na maior parte dos bloques, se ven a valoración media global é similar (3.82 do noso programa, fronte a 4.04 da media da Universidade Vigo). Se ademais temos en conta que no último curso todos as preguntas reciben unha valoración media por riba do 3, non consideramos necesario definir novas accións de mellora.



Táboa 1. Resumo das enquisas de satisfacción para alumnado de 1º.

		2015/16	2016/17	2017/18
Valoración global		4.00	3.61	3.82
Poboación		24	23	21
Nº de Participantes		14	11	7
% de Participación		58%	48%	33%
Bloque 1. Información xeral do programa		3.05	2.23	3.42
Bloque 2. Os procedementos administrativos		3.95	4.06	3.87
Bloque 3. Os axentes implicados		4.53	4.42	4.22
Bloque 4. Os recursos		3.80	4.61	3.60
Bloque 5. Oferta formativa		4.65	2.73	4.02
Bloque 1. Información Xeral do programa	A información pública na web sobre o programa (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación) foi satisfactoria.	4.00	3.45	3.83
	Coñezo o sistema de bolsas/contratos para o alumnado de doutoramento (etapa de formación, mobilidade).	2.09	1.00	3.00
Bloque 2. Os procedementos administrativos	A organización do proceso de matrícula.	4.15	4.00	4.00
	Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas foron satisfactorios.	4.00	3.91	4.00
	Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación foron satisfactorios.	3.69	4.27	3.60
Bloque 3. Os axentes implicados	Estou satisfeito/a co labor do/a coordinador/a do programa.	4.62	4.64	4.17
	Estou satisfeito/a co labor do/a meu/miña tutor/a.	4.77	4.45	4.50
	Estou satisfeito/a co labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese.	4.77	4.40	4.50
	O profesorado do programa fomenta a crítica científica e maila actividade investigadora.	4.42	4.55	4.17
	Estou satisfeito/a co labor do persoal administrativo do centro (facultade, escola).	4.38	4.09	4.00
	Estou satisfeito/a co funcionamento da Sección de Posgrao da Universidade de Vigo.	4.23	4.38	4.00
Bloque 4. Os recursos	O programa dispón dos medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para desenvolver satisfactoriamente a miña tese.	3.82	4.78	3.40
	Os espazos de traballo (para os/as doutorandos/as, a biblioteca, os laboratorios, etc.) son axeitados.	3.78	4.44	3.80

Bloque 5.Oferta formativa	Elixín este programa pola súa relación cos meus obxectivos profesionais.	5.00	1.00	4.20
	En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.	4.31	4.45	3.83



## Enquisa de satisfacción do alumando de 3º

Esta enquisa foi realizada entre o alumando matriculado por terceira vez no programa nos cursos 2015/16, 2016/17 e 2017/18. Na táboa 2 recóllense os resultados.

Analizados os datos en bruto, obsérvase que un dos estudantes responde “1” na maior parte das preguntas, entendemos que se trata dun caso illado e polo tanto no o consideramos a hora de facela análise dos resultados. É dicir, estanse considerando as columnas 2015/16 e 2016/17 e 2017/18\*.

Facendo unha primeira análise por bloques, pode verse que as valoracións mais altas corresponden ós bloques 2 (os procesos administrativos), 3 (os axentes implicados) e 5 (a oferta formativa) para os que a maioría dos/as estudantes séntense satisfeitos ou moi satisfeitos, superando o valor medio os 3.5 puntos. Sen embargo, o bloque 1 en todos os cursos, e o bloque 4 no curso 2017/18, teñen unha valoración baixa.

Analizando cada unha das preguntas do bloque 1, obsérvase que esta valoración baixa está relacionada coa información sobre as bolsas posdoutorais e as saídas profesionais. Para cubrir esta demanda de información, propoñemos incorporar a web do programa un apartado específico de bolsas, e difundir as convocatorias de bolsas posdoutorais entre o noso alumando, a través das listas de distribución do programa.

Cabe salientar que a resposta a pregunta “Coa información da que dispoño nestes momentos, volvería elixir este programa para realizar estudos de doutoramento” a resposta maioritaria e que si, nos tres cursos avaliados.

Se comparamos os resultados por curso académico, vemos que non existen grandes diferencias nos bloques 1 (información xeral do programas), 2 (procedementos administrativos) e 5 (oferta formativa). Non obstante, obsérvase unha diminución na valoración dos bloques 3 (axentes implicados) e 4 (recursos dispoñibles) no curso 2017/18, con respecto os anteriores. No caso dos axentes implicados, a valoración media segue sendo positiva (por riba do 3.5), e por encima do 4 cando se valora aos títos e directores. No caso dos recursos, a valoración está cerca do 3. Tendo en conta que so contamos con catro respostas, e que a valoración dos alumnos e alumnas de primeiro ano para ese mesmo curso é positiva, consideramos que podería tratarse dunha resposta singular, e que polo tanto, de momento non é necesario establecer unha acción de mellora específica. En todo caso, teremos que avaliar a evolución nos próximos cursos.

Se comparamos os resultados obtidos coa a media dos programas da Universidade de Vigo, pasamos de ter unha valoración do programa DocTIC superior a media da Universidade de Vigo, en todos os bloques, excepto no bloque de información xeral do programa, no curso 2015/16, a estar por debaixo da media da universidade nos bloques 3 (axentes implicados) e 4 (recursos) . Este cambio débese por unha parte a mellora na valoración media da Universidade de Vigo, pero tamén a un descenso na valoración media do programa. Agardamos que este descenso sexa algo puntual e motivado polo número reducido de respostas, tendo en conta que non se fixeron cambios na organización, planificación ou desenvolvemento do programa. En todo caso, o bloque peor valorado é como xa se comentou, o bloque relacionado coa

información sobre bolsas posdoctorais e outras saídas profesionais, que tamén son as preguntas con valoración máis baixa na media da universidade.


Co fin de poder facer unha análise máis precisa das enquisas en próximos cursos, propoñemos fomentar a participación implicando ós titores e titoras.

Táboa 2. Resumo das enquisas de satisfacción para alumnado de 3º.


		2015/16	2016/17	2017/18	2017/18*
Valoración Global		3.83	3.76	3.28	3.64
Poboación		23	20	20	20
Nº de participantes		12	7	5	4
% Participación		52%	35%	25%	20%
Bloque 1. Información Xeral do Programa.		2.61	3.12	2.80	3.21
Bloque 2. Os procedementos administrativos.		3.56	3.62	3.52	3.95
Bloque 3. Os axentes implicados.		4.35	4.20	3.63	3.82
Bloque 4. Os recursos.		4.52	4.00	2.70	3.12
Bloque 5. A oferta formativa.		4.13	3.85	3.75	4.12
Bloque 1. Información Xeral do Programa.	A información pública na web sobre o programa (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación) foi satisfactoria.	3.82	3.71	3.20	3.50
	Estou satisfeito/a coa información proporcionada sobre as modalidades de presentación da tese (tradicional ou por compendio de artigos)	3.55	3.14	3.00	3.50
	Estou satisfeito/a coa información proporcionada sobre a mención internacional	2.73	3.50	3.60	4.25
	Coñezo o sistema de bolsas/contratos da etapa de formación para o alumnado de doutoramento	2.82	5.00	3.40	4.00
	Coñezo o sistema de bolsas/contratos para os/as investigadores/as posdoctorais.	1.73	2.33	1.80	2.00
	Facilitouse información sobre saídas profesionais tras o doutoramento.	1.00	1.00	1.80	2.00
Bloque 2. Os procedementos administrativos.	A organización do proceso de renovación da matrícula.	4.09	3.86	3.80	4.25
	Coñezo os trámites administrativos que debo seguir antes de defender a miña tese.	3.18	3.40	3.40	4.00
	Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas foron satisfactorios.	3.09	3.57	3.80	4.00

	Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación foron satisfactorios	3.55	3.43	3.80	4.25
	Os procedementos relativos ás avaliacións anuais foron satisfactorios	3.91	3.86	2.80	3.25
Bloque 3. Os axentes implicados.	Estou satisfeito/a co labor do/a coordinador/a do programa	4.60	4.14	3.00	3.50
	Estou satisfeito/a co labor do/a meu/miña titor/a.	4.73	4.86	4.60	4.50
	Estou satisfeito/a co labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese.	4.73	4.86	4.80	4.75
	O profesorado do programa fomenta a crítica científica e maila actividade investigadora.	5.00	4.20	2.60	3.00
	Estou satisfeito/a co labor do persoal administrativo do centro (Facultade, Escola).	4.00	3.71	3.40	3.50
	Estou satisfeito/a co funcionamento da Sección de Posgrao da Universidade de Vigo.	3.56	4.00	3.60	3.75
	Estou satisfeito/a co funcionamento da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) da Universidade de Vigo.	3.86	3.60	3.40	3.75
Bloque 4. Os recursos.	O programa dispón dos medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para desenvolver satisfactoriamente a miña tese.	4.55	3.86	2.60	3.00
	Os espazos de traballo (para os/as doutorandos/as, a biblioteca, os laboratorios, etc.) son axeitados.	4.50	4.14	2.80	3.25
Bloque 5. Oferta formativa	O tema da miña tese respondeu ás miñas expectativas.	4.30	4.29	3.60	3.25
	O programa achegoume coñecementos novos, precisos e actualizados.	4.40	3.86	3.80	3.50
	A oferta formativa do programa (cursos, seminarios, etc. obrigatorios e/ou complementarios) foi satisfactoria, de interese e de calidade.	4.00	3.14	2.60	3.00
	Elixín este programa pola súa relación cos meus obxectivos profesionais.	3.91	5.00	5.00	5.00
	O programa abriume novas perspectivas cara á miña inserción laboral.	4.20	3.00	4.00	5.00
	O meu esforzo e dedicación foron suficientes para a miña investigación.	4.27	4.33	4.00	5.00
	En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.	3.82	3.00	3.00	3.25
	Coa información da que dispoño nestes momentos, volvería elixir este programa para realizar estudos de doutoramento	4.11	4.20	4.00	5.00

### Satisfacción Alumnado de 3º - DoctIC



### Satisfacción Alumnado de 3º - UVIGO



**ANEXO III**  
**INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN**

**CICLO ACADÉMICO**  
**2013/14 - 2017/18**

**ESCOLA INTERNACIONAL DE**  
**DOCTORAMENTO**  
**UNIVERSIDADE DE VIGO**

<b>1. DATOS DO PROGRAMA</b>	
<b>DENOMINACIÓN DO PROGRAMA</b>	Programa de Doutoramento en tecnoloxías da información e as comunicacións
<b>UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA</b>	Universidade de Vigo
<b>EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S</b>	
<b>CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE</b>	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
<b>CENTRO/S PARTICIPANTES</b>	
<b>CÓDIGOS ISCED</b>	Enxeñaría e profesións afines
<b>CURSO DE IMPLANTACIÓN</b>	2013-2014
<b>DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)</b>	25/9/2013
<b>DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN</b>	

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:** O programa de doutoramento implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O programa de doutoramento en tecnoloxías da información e as comunicacións da Universidade de Vigo (en diante DocTIC) xurde a partir da colaboración de 10 grupos de investigación en TIC da Universidade de Vigo. DocTIC é a evolución dos programas de doutoramento anteriores en Teoría do Sinal e Comunicacións (TSC) e Enxeñaría Telemática (ET), ambos con Mención cara á Excelencia outorgada polo Ministerio de Educación do Goberno de España. Todos os grupos de investigación de DocTIC teñen asignación de docencia de grao e máster na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, e case ao mesmo tempo que DocTIC, puxeron en marcha o centro de investigación AtlantTIC (<http://atlanttlic.uvigo.es/el-centro/mision-y-objetivos/>). AtlantTIC e DocTIC traballan de forma coordinada co obxectivo de formar aos mellores profesionais e investigadores no ámbito das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, xerar investigación de calidade e impacto internacional, e proporcionar á industria profesionais con coñecementos avanzados que lles permitan mellorar a súa competitividade a escala global.

Por tanto, AtlantTIC e DocTIC son dous instrumentos estratéxicos na política de I+D no ámbito TIC da Universidade de Vigo e da Comunidade Autónoma que a través da calidade dos proxectos de investigación, transferencia e mobilidade dos seus grupos de investigación, tanto nacionais como internacionais, financiados a través de convocatorias tan competitivas como H2020, Life, Erasmus Mundus, ou Interreg, permítelle ofrecer ós seus egresados e egresadas unha capacitación ao máis alto nivel internacional.

O interese e a importancia que as distintas administracións públicas conceden á investigación no ámbito das Tecnoloxías de Información e as Comunicacións, recóllese claramente nos seus distintos plans estratéxicos e programas de axuda á investigación:

- No ámbito Europeo, a aposta polas actividades de I+D+i en TICs, recóllese entre outros na Axenda Dixital para Europa (maio de 2010), na que se fixa como obxectivo para os países membros duplicar en 10 anos o seu gasto anual en investigación, desenvolvemento e innovación en TICs.



- No ámbito Nacional, podemos mencionar a Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e de Innovación 2013-2020, que a través de accións estratéxicas como “Industria conectada 4.0”, “Seguridade e calidade alimentaria; actividade agraria produtiva e sustentable; sustentabilidade de recursos naturais, investigación mariña e marítima” (na que se inclúe o desenvolvemento de novas ferramentas e sistemas intelixentes de xestión, alerta e vixilancia), “Transporte intelixente, sustentable e integrado” (na que se inclúe impulsar o desenvolvemento da próxima xeración de medios de transporte e de manipulación, especialmente a través da automatización e as tecnoloxías limpas, a navegación por satélite, etc.) e especialmente “Economía e sociedade dixital”, impulsa a investigación e innovación en TICs.
- Por último, no ámbito Autonómico, podemos mencionar programas como a Axenda Dixital de Galicia 2020, cuxo obxectivo é reforzar e reafirmar a estratexia galega de crecemento dixital.

A permanente presenza dos TICs nos plans estratéxicos de I+D+i en todos os ámbitos, permítenos afirmar que o Programa de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións mantén o seu interese académico.

Tal e como se recolle no Informe de Seguimento do curso 2016/17, as liñas de investigación do programa reagrupáronse co obxectivo conseguir un catálogo estable no tempo. As novas liñas (listadas a continuación), que responden aos grandes epígrafes TIC, permiten abordar a investigación en temas actuais e innovadores:

- Arquitecturas e servizos telemáticos
- Bioenxeñaría
- Comunicacións dixitais
- Comunicacións ópticas
- Comunicacións radio
- Electrónica de comunicacións
- Procesado de sinal
- Redes de datos
- Teledetección e navegación radio

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Tal como se establece na Memoria de Verificación de DocTIC, o perfil de ingreso recomendado é o de Enxeñeiro/a de Telecomunicación, Máster en Enxeñaría de Telecomunicación, Máster en Teoría do Sinal e Comunicacións, Máster en Enxeñaría Telemática, ou Máster en Radiocomunicacións e Enxeñaría Electromagnética pola Universidade de Vigo. Na actualidade inclúese o perfil da titulación oficial española xa extinguida de “Ingeniero de Telecomunicación” pois profesionalmente ten a mesma capacitación que o actual Máster de Enxeñaría de Telecomunicación e na Universidade de Vigo reconéceselle o acceso directo ao doutoramento.

A vocación de internacionalización e excelencia de DocTIC, así como a alta competencia dos investigadores e investigadoras dos grupos, permite non só admitir alumnos e alumnas coas titulacións españolas anteriormente mencionadas, senón tamén de titulacións españolas e estranxeiras do ámbito TIC.

No informe “ANÁLISE DO PERFIL REAL DE INGRESO E EGRESO NON PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN TECNOLOXÍAS DÁ INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS (DocTIC)” preséntase unha análise máis detallada do perfil de ingreso. O perfil de ingreso axústase ao previsto na Memoria e é coherente coas liñas de investigación.

Analizando o perfil de ingreso por xénero, obsérvase que a porcentaxe de alumnas matriculadas no programa é do 21%, fronte o 79% de alumnos matriculados. Dende a CAPD estudaríanse posibles medidas co obxectivo de reducir esta diferenza.

Como se indicou no apartado 1.1, as liñas de investigación do programa responden aos grandes epígrafes TIC que sustentan a formación en Enxeñaría de Telecomunicación. Na seguinte táboa pode verse a distribución por liña dos e das estudantes matriculados no programa no período avaliado, e o número de profesores e profesoras asociados a cada liña. Tendo en conta o ratio alumno/profesor, pode afirmarse que a distribución é adecuada.

Liña de investigación	Nº de estudantes	Nº de profesores/as	Ratio estudante/profesor
Arquitecturas e servizos telemáticos	52	24	2.16
Bioenxeñaría	1	4	0.25
Comunicacións dixitais	4	2	2.00
Comunicacións ópticas	1	3	0.33
Comunicacións Radio	7	8	0.87
Electrónica de comunicacións	1	1	1.00
Procesado do sinal	17	12	1.41
Redes de datos	3	4	0.75
Teledetección e navegación radio	1	6	0.16

O programa ofrece suficiente número de prazas (30 na actualidade) para cubrir con folgura a demanda, non necesitando de mecanismos de cotas entre liñas de investigación. A cada alumno admitido a CAPD asígnale a liña de investigación máis adecuada á súa formación previa, que na maioría dos casos coincide coa solicitada.

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A asignación de titores e directores realízase de acordo ao establecido na memoria de verificación, non detectándose necesidade de modificación.

O control do documento de actividades realízao a CAPD co apoio da unidade administrativa e de acordo coas actividades a recoñecer recollidas na Memoria de Verificación. Organízanse sesións informativas para os alumnos/as e directores/as de teses acerca de como realizar a xustificación das actividades, e o que é máis importante acerca do interese na súa realización. Estas sesións son por unha banda as “Welcome Sessions” do programa, e por outro as reunións específicas da coordinación do programa cos directores de teses e os membros dos comités de avaliación. Os primeiros anos, estas reunións de coordinación cos directores de tese tiñan unha periodicidade anual, para facilitar a posta en marcha do programa. Nos últimos anos a estas reunións están convocados unicamente os directores de tese dos alumnos novos. As reunións de coordinación cos membros dos comités de avaliación manteñen a súa periodicidade anual, co fin de preparar as xornadas de avaliación (revisar e actualizar a rúbrica se é preciso, definir as datas, ...).—A información sobre xornadas e sesións informativas está na web de DocTIC en [http://doc\\_tic.uvigo.es/workshops](http://doc_tic.uvigo.es/workshops).

Desde o seu inicio DocTIC puxo en marcha un mecanismo de monitorización do progreso dos estudantes baseado na realización dunha xornada anual na que os alumnos mostran o seu traballo mediante a elaboración e defensa dun póster entre os seus compañeiros e os membros dun tribunal de avaliación. Toda a información sobre estas xornadas (incluída a xornada “Noviembre 2013” que foi unha experiencia piloto na que participaron alumnos voluntarios dos programas en extinción), está dispoñible en [http://doc\\_tic.uvigo.es/workshops](http://doc_tic.uvigo.es/workshops). A participación nesta actividade, que se desenvolve en inglés, é obrigatoria para todos os alumnos do programa. Os tribunais de avaliación e os asistentes á xornada proporcionan *feedback* aos estudantes sobre o traballo desenvolvido.

A avaliación por parte dos titores e dos tribunais (que ademais do póster, inclúe o plan de investigación) levase a cabo usando como base unha rúbrica previamente aprobada pola CAPD e dispoñible para todos os alumnos na Web do programa DocTIC ([http://doc\\_tic.uvigo.es/workshops](http://doc_tic.uvigo.es/workshops)).

Desde o curso 2016/2017, previo á xornada de avaliación, realízase un taller para a preparación da avaliación das actividades de investigación. Neste taller os alumnos reciben formación acerca de como presentar de forma eficaz tanto oral como por escrito, o traballo de investigación realizado (Na seguinte ligazón pode verse unha gravación do taller realizado no curso 2016/2017: <https://tv.campusdomar.es/series/58fe79221f56a8777f500a81>).

O programa DocTIC segue a normativa de admisión a trámite da tese e nomeamento de tribunal vixente na UVIGO e que se atopa dispoñible na web da EIDO [https://www.uvigo.gal/uvigo\\_gl/centros/vigo/eido/normativa/](https://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/normativa/). Durante o proceso de admisión a trámite dunha tese, a CAPD verifica que o estudante rexistrou no seu documento de actividades, aquelas actividades marcadas como obrigatorias polo programa (as evidencias sobre o control realizado recóllense nas actas da CAPD, ver evidencia EPD4).

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvolvéronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os convenios de colaboración promovidos por profesores e profesoras do programa DocTIC (GreenIT, GreenTech, EuroInKANeT, E-Gov-TN) permitiron a incorporación de novos alumnos estranxeiros, no período avaliado. A estes convenios súmanse outros dous coa Universidade Vrije Universiteit Brussel (Bélxica) e coa empresa holandesa Microflow Technologies, para a realización de senllas teses en réxime de cotutela. Nestes momentos, están en marcha outros dous convenios, un coas universidades exipcias Beni-Suef University e Arab Academy for Science, Technology & Maritime Transport para promover a colaboración e a mobilidade de persoal académico e estudantes entre as devanditas universidades (KA107-Egypt), outro coas universidades Ho Chi Minh City University of Technology (HCMUT) e Hanoi University of Science and Technology (HUST) de Vietnam (KA07-Vietnam), co mesmo obxectivo, e outros dous convenios para realizar teses de doutoramento industriais en colaboración con empresas: European Doctorate in Indium Phosphide PIC Fabrication Technology (EDIFY, [http://doc\\_tic.uvigo.es/edify-itn](http://doc_tic.uvigo.es/edify-itn)), en colaboración con Smart photonics (Eindhoven), Bright photonics (Eindhoven), Synopsys, Photon design (UK), e DRIVE-IN en colaboración con VPI photonics (Berlin), HHI (Berlin), Bright photonics (Berlín), e o CTAG.

Debido o éxito do programa KA107-Egypt, ven de aprobarse a segunda edición, extendendo a mobilidade non só o alumnado de doutoramento, se non tamén a grao e máster da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Estudantes e profesores do programa DocTIC participan na rede SatNex, a rede europea apoiada pola ESA sobre comunicación satélite (<https://satnexus4.org/>).

Hai en total 18 teses en codirección con investigadores de fóra do programa: de universidades estranxeiras e nacionais e de centros de investigación, cos seguintes codirectores:

- Hans Elias de Bree de Microflow Technologies (Holanda)
- Tom Lenaerts de la Universidad Vrije de Bruselas (Bélxica)
- Javier Vales Alonso, profesor titular de la Universidad Politécnica de Cartagena
- Eduardo Omar Sosa - Universidad Nacional de Misiones - Posadas (Argentina)
- Esteban Vázquez Fernández del centro tecnológico Gradient
- Luís Côrte-Real de la Universidad de Porto (Portugal)
- Paul Tasker de la Cardiff University (UK)
- Daniel Erro Eslava de Cirrus Logic
- Antonio López Medina de la Consellería de Sanidade- Xunta de Galicia
- Daniel González Jiménez del centro tecnológico Gradient
- Rafael da Silva Caldeirinha del Polytechnic Institute of Leiria (Portugal)
- Stephen L. Macknik de Suny Downstate Medical Center (USA)
- M<sup>a</sup> Benedita Campos Neves Malheiro del Instituto Superior de Engenharia do Porto (Portugal)
- Otman Aghzout de la Universidad Abdelmalek Essaâdi University (UAE)
- Jack Fernando Bravo Torres de la Universidad Politécnica Salesiana (Ecuador)
- Regina Motz Carrano de la Universidad de la República (Uruguay)
- Patricia Arias Carbados de la Universidad Carlos III de Madrid
- Carmela Troncoso de École Polytechnique Fédérale de Lausanne (Suiza)

Ademais, o programa beneficiase das colaboracións non formais que teñen os grupos de investigación que forman parte de DocTIC pois grazas á participación en redes e proxectos internacionais, os alumnos e alumnas de DocTIC realizan estancias de investigación.

Todos estas colaboracións formais e informais contribuíron a mellorar a mobilidade e internacionalización do programa DocTIC. Por este motivo, a Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Informe de Verificación no incluía ningunha recomendación, polo que non é necesario proporcionar unha resposta.

En canto ó Informe de Seguimento, correspondente ó curso 2016/17, recibíronse as seguintes recomendacións:

- *Se recomienda, en futuros informes de seguimiento o acreditación, realizar un análisis del perfil de egreso e inserción laboral para conocer la repercusión de los titulados en la sociedad.*

Co obxectivo de poder levar a cabo unha análise sobre o perfil de egreso e inserción laboral, e dado que aínda non dispomos de enquisas oficiais, contactamos con todos os egresados e egresadas a través dos seus titores e titoras, para solicitar información ao respecto. A análise recóllese no informe “ANÁLISE DO PERFIL REAL DE INGRESO E EGRESO E PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN TECNOLOXÍAS DÁ INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS (DocTIC)”.

- *Se recomienda actualizar la información en la memoria del PD sobre el número de plazas de nuevo ingreso ofertadas y la nueva agrupación de las líneas de investigación del programa, cuando se tenga que solicitar una modificación sustancial.*

Esta modificación recóllese nos informes de seguimento do título, e será actualizada cando se realice una modificación do título, unha vez finalizado o primeiro ciclo de acreditación. Así mesmo se incluírán as novas versións das normativas de Permanencia e Presentación e Lectura de Teses, aprobadas polo Consello de Goberno en Xuño de 2017.

- *Se recomienda presentar evidencias del control realizado a todas las actividades formativas contenidas en la memoria de verificación.*

Tal e como se recolle nas actas da CAPD, antes de admitir a trámite unha tese verifícase que cumpre con todos os requisitos establecidos na memoria do programa, que fundamentalmente son (ver evidencia EPD4):

- Defensa Anual do Plan de Investigación: Todos os alumnos matriculados no programa participan na xornada anual de monitorización do progreso dos e das estudantes. Durante esta xornada, tanto os/as directores/as de teses, como os tribunais designados ao efecto, avalían o Plan de Investigación e o traballo desenvolvido polos alumnos e alumnas ao longo do curso. A información sobre as xornadas (datas, sistema de avaliación, tribunais, participantes, ...) está dispoñible na web de DocTIC [http://doc\\_tic.uvigo.es/workshops](http://doc_tic.uvigo.es/workshops).

- Presentación dunha comunicación nun Congreso Internacional: Os estudantes entregan en secretaría académica a documentación que acredita a súa participación no congreso (certificado de asistencia, copia do artigo, ...). Esta documentación é revisada polo coordinador/a ou o secretario/a de o programa, e arquivada no expediente do alumno. Se procede, a actividade válidase na secretaría virtual do alumno/a.

- Envío dun artigo a unha revista Internacional: Os estudantes entregan en secretaría académica a documentación que acredita o envío ou publicación dun artigo a unha revista internacional (correo de resposta da revista, copia do artigo, ...).

Esta documentación é revisada polo coordinador/a ou o secretario/a de o programa, e arquivada no expediente do alumno. Se procede, a actividade validase na secretaría virtual do alumno/a.

- Estancia dun mínimo de tres meses nunha institución estranxeira, no caso de optar á “Mención Internacional”: Antes de realizar a estancia, esta debe ser aprobada pola CAPD, para o que é necesario que o/a estudante presenta unha carta de invitación e o informe da idoneidade de realizar a estancia dos seus directores/as de tese. Unha vez realizada a estancia, o/a estudante debe presentar unha xustificación da realización da mesma asinada polo responsable da entidade estranxeira. Esta documentación é revisada polo coordinador/a ou o secretario/a de o programa, e arquivada no expediente do alumno/a. Se procede, a actividade validase na secretaría virtual do alumno/a.

- *Se recomienda acelerar el proceso definitivo de implantación del SGC, poniendo en marcha todos los procedimientos pendientes y ya previstos en el Plan de Mejora. Habida cuenta de que la legislación vigente establece que el programa de doctorado tiene que tener implantado un SGC, se debe garantizar este requisito en el momento de la renovación de la acreditación del programa.*

Rematouse o deseño do 100% dos proceso do SGC e desenvolveuse toda a estrutura documental. O SGC está sendo avaliado por ACSUG .

A documentación do SGC está dispoñible na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/docencia>

- *Mejorar el grado de internacionalización del programa en asuntos puramente académicos como la participación de expertos internacionales en tribunales de tesis y comisiones de seguimiento y evaluación o codirecciones de tesis.*

O programa conta con 13 teses en co-dirección nas que un dos directores/as procede dunha universidade ou centro de investigación estranxeiro. Das quince teses lidas no período avaliado, tres delas obtiveron a mención internacional, e outras catro foron defendidas por alumnos/as estranxeiros/as no marco dun programa de mobilidade (46.7%). O 17,8 % dos membros dos tribunais de tese pertencían a unha universidade ou institución estranxeira. A tendencia é crecente, pasando de non ter ningún membro estranxeiro no tribunal no primeiro ano no que se leen teses, a ter 4 no segundo e 12 no terceiro.

Estes datos, supoñen un avance significativo con respecto ao anterior informe de seguimento.

Por outra banda, tanto nas xornadas de avaliación anuais como nos seminarios que se realizan ao longo do curso, contamos con máis de 20 investigadores internacionais (as súas áreas de experiencia e CV están dispoñibles nas seguintes ligazóns: [http://doc\\_tic.uvigo.es/doctic-research-seminars](http://doc_tic.uvigo.es/doctic-research-seminars) (seminarios), [http://doc\\_tic.uvigo.es/workshops](http://doc_tic.uvigo.es/workshops) (workshops). Os investigadores e investigadoras invitados ás xornadas de avaliación, participan no proceso, visitando os pósters, interaccionando cos alumnos e alumnas, e proporcionándolles *feedback*.

- *Tratar de mejorar el apoyo administrativo.*

Trala aprobación dunha nova relación de postos de traballo na Universidade de Vigo, creouse una nova área na secretaría académica da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, asociada ós programas de doutoramento e titulacións de máster (“Área de Estudos de Mestrado e Doutoramento”). Se ben esta área especializada facilita moitas das tarefas administrativas, a día de hoxe, non hai cambios significativos en relación coa posibilidade de realizar os trámites e a comunicación con servizos de posgraao en inglés.

O 21 de novembro de 2017, a coordinadora do programa, transmitiu á EIDO a decisión de solicitar á escola internacional que ofrecese ós alumnos que no manexan os idiomas galego e castelán unha xestión dos trámites administrativos de matrícula en inglés. A solicitude foi trasladada pola Xerencia a CIXUG para o seu estudo. En todo caso, esta medida afectaría unicamente os sistemas informáticos e non ó persoal, polo que consideramos que segue sendo necesario mellorar o apoio administrativo para toda tipo de comunicación en lingua inglesa.

- *Se ha propuesto un plan de mejora relacionado con la agilidad en la gestión de las asignaciones de las bolsas de movilidad, que algún año ha quedado sin ejecutar en su totalidad debido a esta carencia.*

Tras analizar o acontecido co gasto destinado a bolsas de mobilidade nos últimos anos, e vendo que non era posible executar todo o orzamento proposto (entorno o 70% do orzamento anual do programa) a CAPD tomou as seguintes decisións: por unha parte reducir o orzamento dedicado a bolsas, axustándoo cada ano a demanda prevista, e por outra parte dedicar o orzamento restante as xornadas de benvida e avaliación anual, nas que se invita a conferenciantes estranxeiros, e tamén a formación na práctica oral e escrita en lingua inglesa. Por este motivo dende o ano 2017, o orzamento destinado a bolsas de mobilidade ronda os 4.500€.

- *Se recomienda recoger la opinión de los estudiantes sobre los recursos materiales e infraestructuras puestas a su disposición, además de los recursos económicos y los servicios de orientación.*

As actuais enquisas de satisfacción para estudantes de 1º e 3º inclúen preguntas relacionadas cos recursos materiais e infraestruturas, así como sobre bolsas e servizos de orientación. Nestes momentos dispoñemos para a súa análise das enquisas dos cursos 2015/16, 2016/17 e 2017/18.

- *Se recomienda aportar un listado o el número de estancias de investigación, desagregadas en entrantes y salientes.*

Esta información está recollida no indicador IPD9.

- *Se recomienda mejorar la participación en movilidad de los estudiantes del PD (movilidad saliente).*

Tal e como se recolle no indicador IPD10 o número de estudantes que participan en programas de mobilidade son 9. Todos eles en mobilidade entrante. A este colectivo podería sumarse un número amplo de estudantes estranxeiros, ata chegar case o 50% do alumnado do programa.

En canto a mobilidade saínte, se ben ata o curso 2017/18 non houbo mobilidade saínte no programa, hai que ter en conta que hai asinados dous convenios de dirección de tese en réxime de cotutela (o que implica mobilidade por parte dos alumnos), que o número de estancias realizadas polos nosos alumnos é grande (gracias a capacidade dos grupos de investigación que forman parte do programa) e que os novos convenios de mobilidade asignada inclúen fondos específicos para mobilidade saínte. Por este motivo, consideramos que houbo avances neste aspecto.

**A análise do criterio baséase en:**

**Evidencias:**

EPD1: Memoria vixente

EPD2: Informes de verificación e, se procede, de modificación, seguimento e renovación da acreditación, incluíndo os plans de mellora

EPD3: Informe/Acta onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso

EPD4: Evidencias da realización das actividades formativas e sistemas de control realizados, de acordo coa planificación establecida

EPD5: Informe de avaliación anual da Comisión Académica (seguimento)/Documento de actividades de cada estudante, onde se indiquen as actividades realizadas por cada doutorando (acreditación)

EPD6: Informe de complementos de formación específicos

EPD7: No caso de programas interuniversitarios, evidencias de coordinación entre universidades participantes

EPD8: Convenios de colaboración en vigor

EPD9: Informes sobre actividades realizadas con institucións coas que o programa de doutoramento tivo colaboracións (con ou sen convenio)

EPD10: No seu caso, evidencias de participación do programa en redes internacionais

**Indicadores:**

IPD1: Número de prazas ofertadas

IPD2: Demanda

IPD3: Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso (indicar o número de estudantes que proceden de programas de doutoramento en extinción)

IPD4: Número total de estudantes matriculados (no caso dos programas interuniversitarios, desagregado por universidade participante)

IPD5: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades

IPD6: Porcentaxe de estudantes estranxeiros (de fóra de España) sobre o total de matriculados

IPD7: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos

IPD8: Porcentaxe de estudantes matriculados segundo a dedicación (tempo completo, tempo parcial e mixto)

IPD9: Porcentaxe de estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas como tales pola Comisión Académica (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD10: Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD11: Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta...)

IPD12: Porcentaxe de estudantes segundo perfil de ingreso

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.**

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.



Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A páxina web do programa [http://doc\\_tic.uvigo.es](http://doc_tic.uvigo.es) é o principal vehículo para dar información a todos os axentes interesados: futuros e actuais estudantes, profesorado, comunidade en xeral. O idioma por defecto da páxina é o inglés con algunhas pestanas tamén en castelán. Excepción disto son as actas da CAPD elaboradas en galego por ser o idioma administrativo da UVIGO. Todas as actas están na páxina web: [http://doc\\_tic.uvigo.es/academic-board-minutes](http://doc_tic.uvigo.es/academic-board-minutes).

Entre a información a destacar está a listaxe das teses en marcha “Thesis in Progress” ([http://doc\\_tic.uvigo.es/thesis-progress-july-2016](http://doc_tic.uvigo.es/thesis-progress-july-2016)) e xalidas “PhD Thesis” ([http://doc\\_tic.uvigo.es/tags/phd-thesis](http://doc_tic.uvigo.es/tags/phd-thesis)), os pósters que os alumnos e as alumnas presentan nas xornadas de avaliación que serven tanto para render contas eles e os seus directores, como para visibilizar os temas de traballo a futuros estudantes ou investigadores en xeral ([http://doc\\_tic.uvigo.es/workshops](http://doc_tic.uvigo.es/workshops)), e a información sobre conferencias, seminarios ou cursos ofertados aos alumnos ([http://doc\\_tic.uvigo.es/doctic-research-seminars](http://doc_tic.uvigo.es/doctic-research-seminars), [http://doc\\_tic.uvigo.es/workshops](http://doc_tic.uvigo.es/workshops)).

A información sobre como matricularse “How to apply” está nunha posición relevante e clara da web cun resumo da principal información que necesita un alumno interesado no programa: [http://doc\\_tic.uvigo.es/how-apply](http://doc_tic.uvigo.es/how-apply).

A información está actualizada e é totalmente coherente coa memoria de verificación. A información recollida na web está ben valorada tanto polo alumnado como polo profesorado do programa, tal e como se recolle nas enquisas de satisfacción.

A información publicada na web do programa complementase coa información publicada na web da EIDO (a que se pode acceder directamente a través da web de DocTIC ou da Universidade de Vigo). Nesta páxina recóllese información sobre as normativas en vigor, os pasos para a presentación da tese e outros trámites administrativos, información sobre o SGC, os programas de doutoramento, etc. (<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/eido-escuela-internacional-doctorado>).

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información sobre a escola internacional de doutoramento (EIDO) está dispoñible na súa páxina web (<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/eido-escuela-internacional-doctorado>), desde a cal se pode acceder tanto á información académica xeral como ás webs dos programas de doutoramento. Como se dicía no apartado anterior, DocTIC considera que a súa web [http://doc\\_tic.uvigo.es](http://doc_tic.uvigo.es) é o mellor e máis efectivo vehículo para a comunicación e transparencia con todos os grupos de interese.

Adicionalmente, dispónse de dúas listas de correo, unha para alumnos/as (doc\_tic\_students@listas.uvigo.es) e outra para profesores/as do programa doc\_tic\_advisors@listas.uvigo.es) a través das cales se distribúe información puntual de actividades ou prazos.

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa vai estar organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento>

Esta organización é o resultado dun proceso de redeseño da web institucional da Universidade de Vigo, que inclúe tamén un novo redeseño para a web da EIDO.

Os contidos relacionados coa calidade na EIDO, na dita web, están en fase de execución, de xeito que se combina información centralizada con información específica na web do programa. A estrutura centralizada conterá información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade, e os procedementos. A día de hoxe pódese acceder ao manual de calidade (enviado á ACSUG para a súa aprobación) e ás propostas de procedementos xa elaboradas.
- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGIC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos). A día de hoxe pódese consultar a actas da Comisión de Calidade da EIDO.
- Outra información relacionada cos resultados do programa.

A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>

O prazo previsto para terminar o desenvolvemento da web de calidade da EIDO é o 3º trimestre de 2019 (os detalles desta actividade poden atoparse na acción de mellora que se xunta).

**A análise do criterio baséase en:**

**Evidencias:**

EPD11: Web da institución/programa

EPD12: Documentación derivada dos procesos do SGC sobre información pública, recollida de información e rendemento de contas (informes varios, plan operativo de información pública...)

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.**

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Deseño e desenvolvemento do SGC:

O sistema de garantía de calidade do programa enmárcase dentro do SGC da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO). O deseño deste sistema é centralizado e abarca todos os programas de doutoramento oficiais da Universidade de Vigo.

O deseño do SGC comezou a finais do ano 2016, con reunións entre as outras dúas universidades do SUG (USC e UdC) co obxecto de trazar liñas xerais comúns sobre a identificación e a organización dos procesos de funcionamento do ciclo de doutoramento, considerando as directrices do programa Fides-Audit e seguindo as recomendacións da ACSUG. Na Universidade de Vigo constituíuse un grupo de traballo arredor da EIDO (dirección da EIDO, secretaría académica da EIDO, área de calidade, xefatura do servizo de estudos de posgra) que mantén reunións periódicas desde comezos de 2017 para desenvolver a estrutura e a documentación do SGC.

Fruto deste traballo, constituíuse a Comisión de Calidade da EIDO o 27/04/2017 (véxase abaixo para máis detalles) e desenvólvese a documentación dos procesos ao longo de 2017 e 2018 (véxase ficha de mellora correspondente ao criterio 3).

Unha primeira versión do Manual de Calidade da EIDO (índice 00), que incluía a Política e os Obxectivos de Calidade, foi aprobada no Comité de Dirección da EIDO o 18/07/2017. Este Manual incorpora, de xeito destacable:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da EIDO, de acordo co seu Regulamento de réxime interno (RRI),
- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da EIDO sobre calidade (estas últimas están coordinadas no comité de dirección, dirección, comisión de calidade, coordinación de calidade e comisións académicas dos programas de doutoramento -CAPD-),
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco legislativo e normativo do SGC,
- O mapa de procesos do SGC,
- A política e os obxectivos de calidade.

A fase de deseño do SGC rematou a finais de 2018. A Comisión de Calidade da EIDO validou este deseño o día 14/12/2018 e o Comité de Dirección, máximo órgano de responsabilidade da EIDO, aprobouno na súa sesión do 17/12/2018. Elaborouse unha segunda versión do Manual (índice 01), que mantén a estrutura mencionada e incorpora axustes relacionados cos procesos do SGC e coa actualización das competencias dos órganos de goberno (por mor da incorporación dun novo equipo de goberno da universidade no ano 2018).

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade, procedementos e anexos) enviouse a ACSUG o día 20/12/2018 para ser avaliada. Nestes momentos, comezos do mes de xuño de 2019, agardamos o informe provisional de deseño da ACSUG que permita realizar, se é caso, os últimos axustes necesarios.

#### Implantación do SGC:

O desenvolvemento deste procedementos está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á EIDO (o ciclo VSMA) de xeito que o obxectivo é garantir a dispoñibilidade do SGC no momento da renovación da acreditación dos programas.

Aínda que o deseño do SGC se desenvolveu ata finais do 2018, moitas das actividades descritas nos procedementos do SGC xa están en funcionamento desde fai varios anos, conforme o RD 99/2011. O seguimento piloto do 2017 e o seguimento do 2018 demostran que se levan a cabo estas actividades, que están dispoñibles os rexistros e documentos asociados a elas e que se calculan e tratan os indicadores de resultados conforme a Guía de seguimento e acreditación da ACSUG.

Os resultados dos informes da ACSUG de avaliación da verificación dos programas e do seu seguimento permiten ir axustando e corrixindo o seu funcionamento, a través de plans de mellora, cara a súa renovación da acreditación e a satisfacción dos grupos de interese.

En todo caso, podemos afirmar que a implantación sistemática e efectiva deste SGC realizarase no curso 2019/20 e seguintes. As metas definidas na política e obxectivos de calidade marcan as liñas estratéxicas que dirixirán esta implantación, en coherencia co establecido nos procedementos.

Como avance, indícase que nos meses de abril e maio de 2019 leváronse a cabo accións formativas destinadas ao persoal de administración e servizos orientadas aos programas de calidade no ciclo de doutoramento.

#### Estrutura documental do SGC:

A estrutura do SGC de doutoramento dá resposta a dous niveis de existencia: os procesos institucionais e os procesos específicos dos programas de doutoramento.

*-Procesos institucionais:* son aqueles nos que as responsabilidades, organización e actividades teñen, sobre todo, un carácter marcadamente institucional, isto é, a súa xestión depende sobre todo dos órganos de goberno institucionais ou centralizados (Consello de Goberno, vicerreitorías, servizos e unidades centralizados...).

O seu deseño lévase a cabo, (segundo as datas indicadas na ficha de mellora), a partir da experiencia e dos procesos certificados no modelo Fides-Audit para as facultades e escolas (titulacións de grao e mestrado) e coas adaptacións oportunas adaptadas ao ciclo de doutoramento.

*-Procesos específicos dos PD:* son aqueles nos que as responsabilidades, organización e actividades están máis asociados ao ciclo de doutoramento e á súa relación coa innovación e a investigación.

O mapa definitivo de procesos do SGC da EIDO (véxase o Manual de calidade) identifica un total de 18 procesos:

*Procesos institucionais (15 procesos):*

Son os seguintes (coas denominacións definitivas):

- DE-01 Estratexia e DE-02 Revisión do SGC (procesos de Dirección estratéxica)
- MC-01 Xestión de queixas, suxestións e parabéns (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- XP-01 Deseño e aprobación dos programas; XP-02 Seguimento, mellora e acreditación dos programas e XP-03 Suspensión e extinción dos programas (procesos de Xestión dos programas)
- FI-02 Xestión da mobilidade (procesos de formación dos investigadores/as)
- AC-01 Admisión e AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional (procesos de Xestión Académica)
- XD-01 Control dos documentos e XD-02 Control dos rexistros (procesos de Xestión documental)
- IP-01 Información pública e rendemento de contas (proceso de Información pública)
- PE-01 Xestión do persoal de apoio e PE-02 Xestión do persoal académico (procesos de Xestión do persoal)
- IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (proceso de Xestión da infraestrutura).

*Procesos específicos (3 procesos):*

- MC-02 Medición da satisfacción (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as e FI-03 Autorización e defensa da tese (procesos de Formación dos investigadores/as)

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade coa Política e Obxectivos de Calidade, os procedementos e os anexos) pode atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/docencia>

Comisión de Calidade da Eido:

A Comisión de Calidade da Eido constitúese o día 27/04/2017 coa estrutura prevista no Manual de Calidade. Tamén se nomeou o coordinador de calidade da EIDO.

A Comisión de Calidade é un órgano clave nos procesos de calidade da EIDO, e leva a cabo a funcións previstas no Manual de Calidade.

As actas da Comisión de Calidade poden atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

-Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de *Deseño e aprobación dos programas* e de *Seguimento, mellora e acreditación dos programas*) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.

Este aspecto xa se está levando a cabo cada vez que se elabora unha nova memoria de verificación dun programa ou unha memoria verificada.

- Medir os resultados alcanzados polo programa, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral...( procedementos do proceso de *Formación dos/as investigadores/as, Medición da satisfacción, Xestión do persoal, Xestión de Queixas, Suxestións e Parabéns.*); analizar esta información e tomar accións de mellora (procedementos de *Seguimento, modificación e acreditación dos programas* e de *Revisión do sistema pola dirección*).

Estes indicadores xa inclúen datos sobre os resultados de satisfacción dos grupos de interese (estudantes, obtidos a partir das enquisas dos cursos 2015/16, 2016/17 e 2017/18; e profesorado, a partir da enquisa dos cursos 2012/13 a 2017/2018). A ficha de mellora correspondente ao criterio 3 (e tamén co criterio 6), relacionada coa recollida de opinión dos grupos de interese da EIDO detalla o desenvolvemento deste aspecto.

Como se comentou, no seguimento dos programas de 2017, e logo tamén no do 2018, xa se elaboraron os informes de seguimento coa información e os resultados (evidencias e indicadores) que permiten tomar as decisións e mellorar a xestión do programa de doutoramento. Esta análise e toma de accións de mellora realízase ao nivel institucional (dirección da EIDO, Comisión de Calidade da EIDO...) e ao nivel do programa (CAPD).

-Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública dos resultados dos programas de doutoramento xa se pode atopar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo desde o curso piloto 2017, con acceso a partir do vínculo

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento conta con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (procedemento de *Revisión do SGC*). Esa revisión, dirixida pola dirección da EIDO, contará cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no propio procedemento, e dará lugar aos plans de mellora que se consideren.

A primeira revisión pola dirección realizarase, en coherencia co desenvolvemento dos procedementos (véxase acción de mellora) despois de rematar o deseño destes e tras comezar a súa implantación.

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, o proceso de deseño do SGC desenvolveuse de xeito participativo no que están implicados:

- as persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da EIDO, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola,
- os membros da comisión de calidade da EIDO, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento,
- os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión da EIDO,
- os responsables de calidade dos programas de doutoramento.

Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, no procedemento de *Control dos documentos*.

A medida que os procedementos se vaian deseñando e implantando, irán xerando os rexistros de calidade ou evidencias (véxase procedemento de *Control dos rexistros*) que manifestarán o resultados do funcionamento dos procesos e da aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados.

**A análise do criterio baséase en:****Evidencias:**

EPD13: Informes de avaliación do deseño do SGC

EPD14: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

EPD15: Actas das reunións celebradas, nos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)

EPD16: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos de información pública)

EPD17: Plans de seguimento e accións de mellora derivados da implantación do SGC

EPD18: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados e evolución...)

**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O persoal docente e investigador (PDI) e de apoio é suficiente e idóneo, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.**

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Todo o profesorado do programa cumpre co nivel de cualificación esixido pola normativa para a dirección de Teses de Doutoramento. Mais do 90% del profesorado ten o último sexenio vivo.

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma idónea, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender todos os estudantes.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A dirección de teses é voluntaria dentro do programa non existindo mecanismos de reparto entre docentes nin liña.

O ratio actual entre número de teses (87) e profesores/as (62) es de 1,40. Se temos en conta a liña, o ratio varía entre 0.16 e 2.16, o que permite ó profesorado desenvolver as súas funcións de forma adecuada.

Para aqueles solicitantes que non teñen contactos previos con ningún grupo, pero si identificaron unha liña de traballo preferida, a coordinación do programa busca o mellor titor/a seguindo os seguintes criterios en orde: investigadores na temática e número de teses en dirección (en orde decrecente).

A valoración sobre os/as titores/as, os/as directores/as de tese e o profesorado en xeral do programa que fan os alumnos e alumnas de 1º e 3º é moi positiva (en media supera os 4 puntos).

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.



**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O recoñecemento na UVIGO da dirección da teses para os directores é de 0,25\*40h por cada tese lida nos tres anos anteriores tal e como se recolle nas sucesivas normativas de recoñecementos docentes do profesorado (“NORMATIVA DE RECOÑECIMENTO DE ACTIVIDADES DOCENTES DO PDI (Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016)”, “NORMATIVA DE DEDICACIÓN E RECOÑECIMENTOS DOCENTES DO PROFESORADO (Consello de Goberno de 22 de xaneiro de 2019)”).

[http://vicprof.uvigo.es/opencms/export/sites/vicprof/vicprof\\_gl/documentos/NORMATIVA\\_DE\\_RECOÑECIMENTO.pdf](http://vicprof.uvigo.es/opencms/export/sites/vicprof/vicprof_gl/documentos/NORMATIVA_DE_RECOÑECIMENTO.pdf)

Recoñecementos de actividades docentes	Horas a recoñecer
Titorización de TFG no curso anterior	4h/6ECTS + 1h/3ECTS adicional
Titorización de TFM no curso anterior	4h/6ECTS + 1h/3ECTS adicional
Dirección de Teses de doutoramento nos 3 cursos anteriores	10h por tese completa <sup>1</sup>
Docencia en inglés <sup>2</sup>	1h por cada 4h en inglés no POD
Outros recoñecementos docentes	a definir polo Consello de Goberno
Recoñecementos de actividades de xestión e apoio	
Actividades recoñecidas polos centros/campus	Horas asignadas polo centro/campus
Atención a estudantes con discapacidade <sup>3</sup>	32h por estudante titorizada/o
Outras tarefas	a definir polo Consello de Goberno

Para a titorización non hai recoñecemento algún, si ben o titor debe ser un dos directores de tese.

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

**Aspectos a valorar:**

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No período avaliado, defendéronse quince teses, tres delas obtiveron a mención internacional e outras catro foron defendidas por alumnos estranxeiros, participantes nun programa de mobilidade (tres de GreenIT, un de GreenTech). O número de expertos/as internacionais nos tribunais de teses aumentou ó longo do período avaliado (0-6-8), e representan ó 17,8 %, no conxunto de teses defendidas. Esperamos que ambos os indicadores sigan aumentando cos anos, grazas aos convenios de mobilidade existentes e ás colaboracións con outros grupos de investigación estranxeiros. Estas colaboracións reflectense no número de estancias de investigación realizadas neste cinco anos ([Indicar o número](#)).

Por outra banda, é práctica habitual do programa ter un conferenciante invitado estranxeiro nos eventos de formación-avaliación do programa: seminarios de avaliación dos alumnos e alumnas e xornadas de benvida ós novos e novas estudantes, tal como queda rexistrado nos apartados “Workshops” e “Research Seminars” da web de DocTIC ([http://doc\\_tic.uvigo.es/workshops](http://doc_tic.uvigo.es/workshops), [http://doc\\_tic.uvigo.es/doctic-research-seminars](http://doc_tic.uvigo.es/doctic-research-seminars)). Ata o de agora participaron máis de 20 expertos estranxeiros.

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características deste e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender o persoal docente e os estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Coa aprobación dunha nova RPT na Universidade de Vigo, creouse una nova área na secretaría académica da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, asociada ós programas de doutoramento e titulacións de máster (“Área de Estudos de Mestrado e Doutoramento”). Esta área centraliza a maior parte das tarefas administrativas vinculadas ó programa de doutoramento DocTIC, xunto co servizo central de posgrao. A área está formada por dúas persoas que ademais desenvolven as tarefas administrativas de outros títulos (a mestrados e outro programa de doutoramento). Non obstante, a día de hoxe, non hai cambios significativos en relación coa posibilidade de realizar os trámites e a comunicación con servizos de posgrao en inglés. De todos os formularios dispoñibles na web da EIDO, so o TC32 – aceptación para dirixir unha tese, ou para formar parte do tribunal dunha tese- está dispoñible nos tres idiomas (galego, castelán, inglés). O mesmo sucede coa aplicación para a xestión de expedientes (incluído o plan de investigación, as actividades formativas e outros trámites que teñen que levar a cabo todos os alumnos e alumnas do programa), o que supón un inconveniente para o alumando estranxeiro que non fala castelán nin galego.

A valoración sobre o persoal de administración, tanto o do centro como o da sección de posgrado, é moi positiva para alumnos e alumnas de 1º (a puntuación media é igual ou superior a 4 en todos os cursos), e positiva para os alumnos e alumnas de 3º (a puntuación media é igual ou superior a 3 en todos os cursos).

**A análise do criterio baséase en:**

**Evidencias:**

EPD19: Táboa 1: PDI do programa de doctorado.

EPD20: Táboa 2: Grupos de investigación

EPD21: Táboa 3: Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo

**Indicadores:**

IPD14: Número de teses defendidas en réxime de codirección

IPD15: Porcentaxe de PDI con sexenios vivos ou outros indicadores da calidade da investigación equivalentes

IPD16: Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe tese sobre o profesorado total do programa

IPD17: Número de expertos internacionais que participan en comisións de seguimento e/ou nos tribunais de teses

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:** Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación co número de doutorandos de cada liña de investigación e coa natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Tal como se recolle na Memoria de Verificación os recursos postos a disposición dos alumnos e alumnas de DocTIC son por unha banda os recursos académicos da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, e por outra banda os recursos científicos e económicos dos grupos de investigación onde se integran cada un dos estudantes. O programa conta cunha asignación económica anual asignada pola EIDO en función do número de alumnos e alumnas de novo ingreso.

A valoración que o alumnado fai a través das enquisas de satisfacción en relación cos recursos dispoñibles (materiais e espazos) é favorable, con valores medios próximos ao 4 (mesmo por encima nalgúns dos colectivos). Esta opinión é compartida entre o PDI que á súa vez valora a dispoñibilidade e adecuación dos espazos e o equipamento dispoñible por encima do 3.5.

O programa dedica unha parte importante do orzamento que ten asignado pola EIDO para axudas de mobilidade dos estudantes. Estas axudas son xestionadas pola "Sección de bolsas" do Servizo de alumnado da UVIGO. DocTIC destinou no:

- Ano 2014: 6.000 € en 6 axudas de 1.000 €.
- Ano 2015: 4.500 € en 4 axudas de 1.125 €.
- Ano 2016: 4.500 € en 4 axudas de 1.125 €.
- Ano 2017: 4.500 € en 4 axudas de 1.125 €.
- Ano 2018: 4.710 € en 6 axudas: 2 de 990 €, 1 de 980 €, 1 de 750 € e 2 de 500 €.

Está previsto un orzamento de 5.000 € para o ano 2019.

As axudas están destinadas á realización de estancias de investigación, asistencia a cursos ou escolas de verán, asistencia a congresos para a presentación dunha comunicación.

A CAPD realiza a valoración das solicitudes de acordo cos criterios:

- Méritos curriculares dos solicitantes (10%)
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (40%)
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso. Os congresos deberán ser internacionais e estar recolleitos en Scopus. No caso de estancias de investigación, darase prioridade a que o centro de destino estea no estranxeiro e supoña un cambio de país de residencia do estudante (50%)

O orzamento previsto para bolsas na Memoria de Verificación era do 70%, o orzamento real ronda o 60%. A CAPD decidiu reducir o importe dedicado a bolsas no ano 2017, despois de que nos anos 2015 e 2016 non se executara todo o orzamento. O novo orzamento para bolsas axústase á demanda de solicitudes prevista. O 40 % restante emprégase principalmente para a organización das sesións de benvida e de avaliación anual, ás que acoden expertos estranxeiros invitados.

A tenor dos resultados das enquisas de satisfacción do PDI (con puntuacións por baixo do 3 en aspectos como o apoio económico aos doutorandos e as axudas á mobilidade predoutoral), o apoio económico recibido para as axudas de mobilidade, parece insuficiente por estar limitado segundo destino e duración da acción de mobilidade e a xestión da axuda é lenta.

5.2.- Os servizos de orientación académica responden ás necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientano no funcionamento da institución.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A atención académica os e as estudantes realízase a través da plataforma informática SEIX, co que practicamente toda a interacción é telemática.

O programa DocTIC realiza unha sesión de benvida a todos/as os/as estudantes a comezos de cada curso académico. O obxectivo é dar a coñecer a información máis relevante aos novos alumnos e alumnas, así como facilitar que coñezan aos alumnos e alumnas sénior. A sesión complétase cunha charla dun profesor/a invitado/a estranxeiro/a nalgúns dos temas de interese do programa. A información sobre estas sesións atópase na web [http://doc\\_tic.uvigo.es/workshops](http://doc_tic.uvigo.es/workshops) no apartado "Welcome Sessions". A orientación no día a día corre a cargo dos directores e directoras da tese co apoio da coordinación do programa e a secretaría académica da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación dispoñibles respectivamente nos correos electrónicos [doc\\_tic@uvigo.es](mailto:doc_tic@uvigo.es) e [teleco.minas.posgrao@uvigo.es](mailto:teleco.minas.posgrao@uvigo.es)

Nas enquisas de satisfacción do alumnado, o bloque de preguntas relacionado con Información xeral do programa, recibe unha puntuación media por encima dos tres puntos (tanto nos alumnos de primeiro ano, como nos de terceiro), a excepción da información sobre bolsas e contratos pre- e posdoutorais. Para cubrir esta demanda de información, nos próximos cursos propoñemos incidir neste aspecto -que xa se estaba tratando- na sesión de benvida os novos e novas estudantes; así mesmo propoñemos incorporar un apartado específico de bolsas na web do programa.

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grado de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

**A análise do criterio baséase en:**

**Evidencias:**

EPD22: Xustificación da suficiencia e a adecuación dos recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa

**Indicadores:**

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

**DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

**CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.**

6.1.- Os estudantes, ao finalizar o proceso formativo, adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os requisitos para que unha tese sexa admitida a trámite en DocTIC é que polo menos o/a alumno/a presente un artigo científico relacionado coa súa tese nun congreso internacional e envíe un artigo a unha revista internacional. Adicionalmente todos os anos o/a alumno/a ten que defender o seu traballo ante un tribunal nomeado pola CAPD. Este tribunal xunto cos/cas directores/as de teses de cada estudante plasmarán a súa avaliación mediante unha rúbrica (Ver EPD4). Estes mecanismos garanten que a calidade dos traballos de tese está avalado pola comunidade científica e creemos que son coherentes co nivel de doutoramento do MECES.

Tal e como se recolle nas evidencias das publicacións científicas relacionadas cos traballos de teses dos e as estudantes de DocTIC, en xeral os alumnos e alumnas superan con creces os requisitos mínimos anteriormente mencionados.

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grado de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No período avaliado defendéronse quince tese de doutoramento. Sete delas no último curso, coincidindo co obxectivo proposto na Memoria. Das quince teses, o 80% obtiveron unha cualificación de sobresaínte *cum laude*, que aínda que non alcanza o obxectivo proposto na Memoria (90%), é un dato positivo.

Só o 20 % das teses obtiveron a mención internacional. Non obstante, cabo destacar que, si ó tres estudantes con doutoramento internacional súmanse os catro estudantes que se incorporaron a DocTIC no marco dos programas Erasmus Mundus GreenIT e GreenTech, a porcentaxe elévase ao 46.7%. Polo tanto, consideramos que o dato de teses desenvolvidas nunha contorna internacional tamén é positivo (e próximo aos obxectivos marcados na Memoria). Neste sentido, cabo esperar que os convenios actualmente en vigor (Exipto, Vietnam), permitan manternos nestas cifras.

A maior parte das teses foron defendidas por estudantes a tempo completo (93,3%). Maila iso, hai que ter en conta que o período avaliado coincide co período mínimo esperado para a defensa das teses dos/das alumnos/as a tempo parcial. Nos próximos cursos, poderemos ver a evolución deste dato.

A duración media dos estudos é de 4.5 anos para os/as estudantes de tempo completo e de 5 para os/as estudantes de tempo parcial (aínda que neste último caso, dado o número reducido de teses é aventurado extraer unha conclusión). O 40% dos/das estudantes defenderon a tese sen pedir unha prórroga, o 40% solicitou unha prórroga, e o 20% restante solicitou a 2ª prórroga. Aínda que o número de teses non é o suficientemente grande como para extraer conclusións definitivas, o que si xa se aprecia é a tendencia a prolongar

a realización da tese, un ou dous anos, o que nos indica que o límite legal de tres anos quédase escaso.

No período avaliado causaron baixa definitiva 27 dos 87 alumnos/as matriculados (31%). A percepción que os títos, as titoras e a coordinación do programa teñen sobre as posibles causas de abandono destes alumnos e alumnas é que non teñen un coñecemento previo das liñas de investigación dos seus directores e directoras, e prodúcese un desaxuste entre os seus intereses e os do seu titor en relación coa investigación. Co fin de reducir a taxa de abandono no futuro, dende a CAPD, proponse estudar como modificar o proceso de admisión ó programa de xeito que todos os alumnos e alumnas solicitantes presenten unha pequena proposta de investigación que conte cunha revisión favorable por parte dalgún/dalgunha dos/das profesores/as do programa.

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que os resultados obtidos ata a data son SATISFACTORIOS e COHERENTES co que se estableceu na Memoria.

6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A evolución dos indicadores o longo do período avaliado é positiva. O número de teses lidas incrementouse ata chegar o obxectivo proposto na Memoria, o número de teses que se acollen a mención internacional, tamén se incrementou, con respecto ó último informe de seguimento.

A % de estudantes estranxeiros próxima ao 50 % é un dato positivo, que se poderá ver reforzado nos vindeiros cursos cos novos convenios de mobilidade asinados.

Cabe destacar tamén o número de comunicacións en congresos e o número de publicacións es revistas indexadas.

Por estes motivos, a Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que os resultados obtidos ata a data son SATISFACTORIOS e COHERENTES co que se estableceu na Memoria.

6.4.- A satisfacción do alumnado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A análise dos indicadores de satisfacción dos estudantes recóllese no informe “ANÁLISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS (DocTIC)”, aprobado pola CAPD na sesión do 8 de xullo de 2019.

A análise dos indicadores de satisfacción do profesorado recóllese no informe “VALORACIÓN DA CAPD DOCTIC DOS RESULTADOS DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DOS DIRECTORES/TITORES DE TESES DOUTORAIS.”, aprobado pola CAPD na sesión do 13 de febreiro de 2019.

Como resumen indicar que, en termos xerais, o alumnado do programa está satisfeito coa información recibida, os procedementos administrativos, os recursos, os axentes implicados e a oferta formativa. O aspecto peor valorado é a información recibida sobre as bolsas pre- e pos-doutorais e a inserción laboral. Por este motivo, nos próximos cursos propoñemos incidir neste aspecto na sesións informativas destinadas ós estudantes, así mesmo propoñemos incorporar un apartado específico de bolsas na web do programa.

Cabe destacar que tanto os alumnos e alumnas de primeiro ano, como de terceiro ano valoran positivamente a súa satisfacción global co programa (cunha puntuación media por riba do 4 sobre 5).

En canto ó profesorado a valoración global obtida polo programa (3,64 sobre 5) é similar a media de todos os programas de doutoramento da Universidade de Vigo (3,65 sobre 5). De novo, como xa se identificara no anterior informe de seguimento, os aspectos peor valorados están relacionados coa xestión das bolsas de mobilidade.

Cabe destacar a satisfacción do profesorado coa información proporcionada pola CAPD e co seu funcionamento.

A comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.

Aspectos a valorar:

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se incluíran na memoria verificada.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

